

DISTANCIA ENTRE NENOS/AS

O ACOSO ESCOLAR

Un caso en Vilagarcía


Un alumno do instituto Castro Aobre, de Vilagarcía recibía patadas todos os días de catro compañeiros.

A policía autonómica tivo que intervir o ano pasado en seis casos de acoso escolar denunciados por alumnos de colexios galegos. Todos os centros que foron escenarios dos abusos psicolóxicos ou agresións duns alumnos a outros estaban situados en Vigo, segundo informa a Consellería da Presidencia.


Polo menos en tres das denuncias por acoso escolar nas que entrevi a Consellería estaban implicados alumnos de catorce anos que agrediran a nenos que eran compañeiros seus e dunha idade similar.

As denuncias foron realizadas polos propios nenos que eran vítimas de situacións de acoso escolar. Os axentes comprobaron os feitos, interrogaron as testemuñas, faláron cos profesores e informáron aos pais para que corrixiran a conduta dos seus fillos. En ningún caso hai constancia de que os agresores reincidisen nas súas actividades violentas.

NATALIA PENAS MATO, B1C



Como todos sabemos, o mundo está moi mal "repartido", xa que os países son tan diferentes que semella mentira que compartamos planeta. Aínda que soemos pensar que os cartos non moven o mundo, eu penso que en gran parte si e isto apréciase claramente, aínda que hai quen non o ve, mellor dito, quen non o quere ver. Un tema ao que pretendo chegar con esta pequena introdución é ao das diferenzas existentes entre nenos de distintas zonas.



Os nenos teñen vidas moi distintas segundo sexa o seu país de residencia e isto, por suposto, non é nada bo nin ha de ser tema de mofa. A min persoalmente non me colle na cabeza como aínda hai xente que fala deste tipo de problemas dicindo frases como mentres a min non me pase...ou mentres non veñan para aquí..Todos sabemos que é moi fácil omitir a realidade, mais iso non resolve o problema. Se comparamos a situación dun neno español, que ten de todo o necesario e moito máis, coa situación dun neno africano, que apenas se ten para comer, podemos apreciar o desequilibrio da balanza. Con isto non quero dicir que sexan malos os pais dos nenos que teñen de todo, xa que nos países ricos ese caso dáse na maioría da poboación, o que si quero é que con este pequeno resumo acerca da situación mundial todos reflexionemos sobre que poderíamos facer nós para axudar, mais non podemos negar que a solución se encontra en mans dos políticos, e mentalizarnos de que aínda que un só gran parece pouco, con moitos xa forma unha morea, por iso quero animarvos a que intentedes colaborar sexa cal sexa a axuda por máis pequena que vos pareza. E se non, polo menos pensade en toda esa morea de nenos, na fame e miseria na que vive a metade da poboación e tamén recordarvos que Galiza, que hoxe ten un bo nivel de vida, tamén pasou por situacións precarias e que os nosos antepasados tamén tiveron que emigrar. Todos xuntos podemos reducir a distancia que nos afasta deses que non teñen unha vida nada semellante á nosa.

SANDRA ABAD GARCÍA, B1A